

DOCUMENTO SOBRE A - DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona
con DNI nº ou pasaporte nº en
nome propio (ou en representación) de e
con endereço a efectos de notificacións

, informado do procedemento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública mediante pluralidade de criterios da primeira planta do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra), segundo anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra, e tendo coñecemento dos pregos de condicións que rexen estas autorizacións, manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario destas autorizacións, acepto plenamente e de maneira incondicionada os pregos de condicións e cantas obrigas derivan del e formulo a seguinte solicitude que inclúe a declaración responsable do cumprimento dos requisitos para participar neste procedemento:

- Declaro baixo a miña responsabilidade que eu ou, no seu caso a entidade que represento:
 - a. Cumpro cos requisitos establecidos neste prego para participar neste procedemento e ser beneficiario da autorización ou autorizacións para os postos para os que formulo oferta así como para exercer as actividades dos postos, cumpro coas condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que se poden vender no posto ou postos aos que optarei, estou en posesión da documentación que así o acredita a partir do inicio da actividade e comprométome a facilitala cando sexa requirido polo Concello de Pontevedra e a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da concreta actividade ou actividades no posto ou postos, que no seu caso, se me outorguen na autorización. Así mesmo, declaro expresamente que coñezo as normas ás que debe axustarse as actividades que pretendo exercer no posto ou postos para os que solicito autorización e comprométome a observalas.
 - b. Estou dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estou ao corrente no pagamento da tarifa ou, no caso de estar exento, estou dado de alta no censo de obrigados tributarios.
 - c. Que eu e no seu caso, a entidade que represento, e de ser o caso, os administradores ou órganos de dirección, non están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 da LCSP.
 - d. Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - e. Que cumpro coa solvencia mínima económica fixada nos pregos.

- (opcional, marcar cunha X se se presta autorización) Así mesmo, autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar de cantas Administracións ou entidades sexan competentes a documentación que sexa necesaria para verificar a situación de estar ao corrente das obrigas tributarias e ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social, incluíndo a alta no réxime correspondente da Seguridade Social e de estar ao corrente no pagamento nas cotizacións da Seguridade Social (.....)

- (opcional, marcar cunha X se se presta autorización) Así mesmo autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar e obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou entidade pública competente a documentación acreditativa de

que estou de alta no imposto sobre actividades económicas e ao corrente no pagamento do mesmo ou no seu caso, no censo de obrigados tributarios (.....)

- Solicito que se me outorgue a autorización para os postos seguintes pola seguinte orde:

1. Posto número

2. Posto número

3. Posto número

4. Posto número

En a de de 2019.